

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
27015311	A Pinguela	Monforte de Lemos	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CMIMP01	Estética e beleza	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0639	Actividades en cabina de estética	2023/2024	9	157	188

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ROCÍO HERMIDA GÓMEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión departamento

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta Programación vai dirixida o alumnado do ciclo formativo de grao medio de Estética, pertencente a familia profesional de Imaxe persoal, que se desenvolve nun centro de Ensinanza Secundaria, Bacharelato e FPBasica da comunidade autónoma galega. O número de alumnado de cada grupo dependerá das características pedagóxico didácticas, e das posibilidades das instalacións e dos recursos de cada ciclo e de cada centro en particular. Excepcionalmente, a delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que corresponda poderá modificar o límite establecido.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Estrutura dunha cabina de estética creada na aula, describindo espazos, normas de comportamento e protocolos de atención á clientela.	Recoñecer a estrutura dunha cabina de estética creada na aula, describindo espazos, normas de comportamento e protocolos de atención á clientela.	20	10
2	Realización das actividades derivadas da acción comercial integrando as operacións e os medios técnicos necesarios	Realizar actividades derivadas da acción comercial integrando as operacións e os medios técnicos necesarios	30	10
3	Executa tratamentos de hidratación facial e corporal coordinando os medios estéticos: cosméticos, aparellos e masaxe	Executar tratamentos de hidratación facial e corporal coordinando os medios estéticos: cosméticos, aparellos e masaxe	78	30
4	Coordina servizos estéticos secuenciando e aplicando protocolos establecidos	Coordinar servizos estéticos secuenciando e aplicando protocolos establecidos	40	30
5	Avaliación e valoración dos resultados nos servizos de estética, propoñéndose medidas de corrección	Avaliar e valorar os resultados dos servizos de estética, e se propoñen medidas de corrección	20	20

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Estrutura dunha cabina de estética creada na aula, describindo espazos, normas de comportamento e protocolos de atención á clientela.	20

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece a estrutura dunha cabina de estética creada na aula, describindo espazos, normas de comportamento e protocolos de atención á clientela	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as instalacións onde se realizan os procesos de actividades básicas
CA1.2 Deseñouse unha cabina de estética distribuindo espazos, moblaxe, aparellos e tipo de ambiente, para a realización de cada unha das actividades básicas
CA1.3 Descríbense as normas que definen unha correcta imaxe profesional
CA1.4 Detalláronse as pautas básicas para a recepción e a atención á clientela
CA1.5 Simuláronse a recepción e a atención á clientela coa aplicación de técnicas de comunicación e normas de comportamento
CA1.6 Analizáronse correctamente as demandas e as necesidades da clientela mediante entrevista ou cuestionario apropiado
CA1.7 Caracterizáronse as posicións ergonómicas axeitadas e as medidas de protección persoal e da clientela nos procesos de actividades básicas
CA1.8 Identificouse a área de hixiene e desinfección como lugar fundamental dentro da cabina
CA1.8.1 identifícanse os métodos de esterilización e desinfección e xestión de residuos dun centro de estética
CA1.9 Aplicáronse os métodos de hixiene, desinfección e esterilización máis axeitados para os equipamentos, os materiais e os utensilios utilizados nas actividades básicas

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
A cabina de estética: imaxe de empresa, estudo e distribución de espazos en relación cos tratamentos (cores, moblaxe, complementos, lenzaría, luz, temperatura e música).
Imaxe e profesionalidade: a imaxe do persoal como imaxe de empresa (hixiene, maquillaxe, peiteados, indumentaria e complementos).
Normas de comportamento fronte á clientela, superiores, persoal en liña e provedores/as.
Recepción e atención á clientela para os servizos estéticos. Reserva de servizos de xeito presencial e telefonicamente. Organización da axenda manual e con soporte informático. Técnicas de comunicación interpersonal telefónica e escrita.
Instrumentos de identificación das necesidades e as demandas da clientela. Asesoramento.
Seguridade e hixiene nos procesos de actividades básicas. A área de hixiene e desinfección. Aplicación de métodos de hixiene, desinfección e esterilización. Medidas de protección do persoal e da clientela en función do tratamento. Ergonomía.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Realización das actividades derivadas da acción comercial integrando as operacións e os medios técnicos necesarios	30

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza actividades derivadas da acción comercial integrando as operacións e os medios técnicos necesarios	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Púxose a punto o almacén seguindo criterios de orden, limpeza, temperatura, humidade, etc
CA2.2 Clasifícaronse e ordenáronse os materiais e os cosméticos segundo o seu ámbito de aplicación e as condicións de conservación
CA2.3 Realizáronse supostos prácticos de control e xestión de almacén coa formalización de pedidos a empresas distribuidoras
CA2.4 Deseñáronse técnicas de desenvolvemento comercial: de merchandising, promocionais, publicitarias, etc
CA2.5 Realizáronse técnicas de empacquetamento e embalaxe dentro da actividade comercial
CA2.6 Utilizouse documentación informativa e bibliografía especializada como elementos de consulta e apoio para actualizarse e formarse de xeito continuo
CA2.7 Especificáronse os datos que cómpre ter en conta para a elaboración dunha ficha técnica integral
CA2.8 Recoñecéronse os tipos de sistemas de arquivo de datos da clientela, produtos e provedores/as, tendo en conta a normativa de protección de datos
CA2.9 Analizáronse as aplicacións e utilidades das TIC para a xestión e a organización dunha cabina de estética

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Aprovisionamento. Formalización e recepción de pedidos, e distribución interna de pedidos. Control de existencias de cosméticos e materiais. O inventario.
Almacenamento: sistemas. Clasificación e colocación de produtos. Condicións de conservación.
Documentación informativa: catálogos de produtos e materiais, revistas especializadas, expediente de aparellos, normativa legal reguladora da profesión, etc.
Arquivo. Fichas técnicas. Selección de sistemas de arquivo para a clientela, produtos, cosméticos e provedores/as. Rexistro de datos da clientela, servizos prestados, entrada e saída de produtos.
Tecnoloxías informáticas: utilidades, aplicacións, transmisión da información.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Executa tratamentos de hidratación facial e corporal coordinando os medios estéticos: cosméticos, aparellos e masaxe	78

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Executa tratamentos de hidratación facial e corporal coordinando os medios estéticos: cosméticos, aparellos e masaxe	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícanse os factores que afectan o grao de deshidratación da pel
CA3.2 Realízase a análise das alteracións da hidratación cos métodos axeitados
CA3.3 Determinouse o grao de deshidratación da pel para recomendar o tratamento máis axeitado
CA3.4 Selecciónanse os cosméticos e os aparellos axeitados para o tratamento de hidratación da pel
CA3.5 Programáronse os parámetros dos equipamentos eléctricos básicos empregados no tratamento de hidratación da pel
CA3.6 Aplicáronse os aparellos indicados
CA3.7 Selecciónanse as técnicas de masaxe estética
CA3.8 Coordináronse técnicas manuais, cosmetolóxicas e equipamentos no tratamento de hidratación da pel
CA3.9 Realizáronse os tratamentos de hidratación superficial e profunda

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Deshidratación da pel: necesidades cutáneas.
Clasificación dos tratamentos de hidratación e mantemento facial e corporal.
Criterios de selección e xeito de aplicación de aparellos básicos con aplicación nos procesos de hidratación facial e corporal.
Cosmética específica para a hidratación facial e corporal: criterios de selección, preparación e aplicación.
Procesos de execución de técnicas manuais, mecánicas e cosmetolóxicas de hidratación facial e corporal: organización e selección; fases e secuencia.
Aplicación de normas de seguridade hixiene e saúde nos procesos de hidratación facial e corporal.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Coordina servizos estéticos secuenciando e aplicando protocolos establecidos	40

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Coordina servizos estéticos secuenciando e aplicando protocolos establecidos	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Xustificouse o servizo estético proposto e a secuencia do proceso que cumpra seguir
CA4.2 Informouse a persoa usuaria sobre os servizos que se lle vaian prestar e o tempo aproximado que se vaia investir na súa realización
CA4.3 Preparouse a cabina segundo o servizo que se vaia realizar
CA4.4 Empregáronse as medidas de protección específicas que se requiriran en cada servizo
CA4.5 Informouse a persoa usuaria acerca do proceso que se vaia seguir e das sensacións que vaia percibir durante a aplicación das técnicas
CA4.6 Seguiuse o protocolo establecido en cada servizo estético
CA4.7 Aplicáronse os procesos dos servizos estéticos no tempo estimado
CA4.8 Traballouse en equipo coordinando os procesos

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Información e asesoramento.  Tratamentos de estética e beleza: determinación e criterios de selección.  Cosméticos, aparellos, materiais e utensilios empregados nas actividades básicas: identificación, selección e preparación.  Protocolos de servizos de estética e beleza.  Coordinación dos servizos estéticos de hixiene facial e corporal, tratamentos de hidratación, mantemento, manicura, pedicura, depilación e maquillaxe.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Avaliación e valoración dos resultados nos servizos de estética, propoñéndose medidas de corrección	20

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Avalía e valora os resultados dos servizos de estética, e propóñense medidas de corrección	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.1 Identifícanse os aspectos que cumpra avaliar por ser determinantes na calidade do servizo prestado
CA5.2 Identifícanse as principais causas que poidan dar lugar a deficiencias no servizo prestado
CA5.3 Formuláronse preguntas tipo que permitan detectar o grao de satisfacción da clientela, tanto polo resultado final obtido como pola atención persoal recibida
CA5.4 Propuxéronse medidas correctoras para mellorar os servizos prestados e o grao de satisfacción das persoas usuarias
CA5.5 Realizáronse supostos prácticos de valoración dos resultados
CA5.6 Identificouse o proceso que cumpra seguir ante unha reclamación

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Principais causas de deficiencias nos servizos estéticos básicos.
Técnicas para detectar o grao de satisfacción da clientela.
Técnicas para corrixir as desviacións producidas nos servizos de estética e beleza.
Técnicas de resolución de queixas e reclamacións.



## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exigibles ou criterios de avaliación están recollidos en cada una das unidades didácticas

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Todas as actividades desenvolvidas axustaranse ós seguintes parámetros:

-Os alumnos traerán modelos cando a profesora o crea necesario..

-Esixiráselle ó alumnado traballar entre eles, clientela...e cambiar de parella cando a profesora así o crea necesario.

- É deber do alumno asistir a clase con puntualidades e co material preciso en perfecto estado de conservación e hixiene (Art.7 apartado h. LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. DOG Xullo 2011)

-É deber do alumnado seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e a-prendizaxe (Art.7 apartado g. LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da co-munidade educativa. DOG Xullo 2011).

-A cualificación final do módulo será a nota obtida na última avaliación xa que o aplicar a avaliación continua as probas suspensas recupéranse o longo das seguintes avaliacións. Terase que recuperar os mínimos exigibles

-A asistencia a clase será obrigatoria, segundo se recolle na lexislación, así como a realización das prácticas programadas.

- É requisito indispensable elaborar na práctica al menos 9 traballos prácticos hixienes faciais en diferentes tipos de pel. Ademais realizarán como mínimo 4 hixienes corporais en diferentes supostos.

- Valorase a adquisición dos contidos teóricos mínimos do modulo a través de probas escritas e traballos realizados.

Cada unha das partes recibirán unha nota entre 0 e 10.

A cualificación final será un número enteiro do 1 ao 10 , resultando de redondear os resultados obtidos. Considerandose aprobados aqueles alumnos/as que obteñan una cualificación igual ou superior a 5.

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS: Puntuación de 0 a 10. Ponderación 80% ( Actividades prácticas 40% + exames prácticos 40%). A cualificación deste apartado será a media das notas obtidas nas distintas tarefas prácticas.

80 %

CONTIDOS CONCEPTUAIS: Puntuación de 0 a 10. Ponderación 20% . A cualificación deste apartado será a media das notas obtidas nas distintas probas escritas.

Para poder facer media entre elas, terán que estar aprobadas con un 5

Aínda que a avaliación é continua deberase recuperar os criterios mínimos exigibles non aprobados.

A cualificación dunha avaliación sempre se fará mediante un número enteiro, motivo polo que os decimais resultantes se redondearán á alza ou

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

PARA O APARTADO DE PROCEDIMENTOS: Táboa de indicadores de observación, táboa de indicadores para produtos

APARTADO DE CONCEPTOS: Probas escritas + exercicios resoltos.

á baixa ó enteiro mais próximo; se equidistara de dous enteiros consecutivos, redondearase ó superior.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Este procedemento está dirixido ó alumnado que non alcanzou unha avaliación positiva global (o módulo no seu conxunto) ou parcial (de unha ou varias unidades didácticas). A non consecución das metas propostas, expresa, dalgunha maneira, o fracaso do proceso de ensino-aprendizaxe. En consecuencia, é importante facer un bo diagnóstico da causa do mesmo para poder afrontar, de novo, este proceso con éxito.

Este proceso de recuperación ha de propiciar aprender máis ou mellor e por tanto estarán implicados nel tanto o profesorado como o alumnado.

Incluiremos accións de dúas naturezas:

Por parte do profesorado: analizar as causas do resultado; achegar información ao ou á interesada sobre aqueles aspectos nos que non se conseguiu a aprendizaxe prevista, así como as pautas de mellora; axudar ao alumnado a que consiga mellorar o seu rendemento preparando para iso tarefas de reforzo; preparar algunha tarefa ou proba na que cada alumno ou alumna mostre a súa nova aprendizaxe.

Por parte do alumnado: analizar o seu insuficiente rendemento e as causas diso mediante tarefas de autoavaliación; aumentar o esforzo persoal; dedicar máis tempo ao estudo; repetir algunha tarefa; refacer de novo exercicios; superar algunha proba.

#### ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

Dado que é avaliación continua, a proba práctica da primeira avaliación quedará superada se o alumnado aproba a parte práctica da segunda avaliación.

\_ A proba teórica non superada na primeira avaliación, realizarase unha recuperación durante a segunda avaliación.

\_ Para o alumnado que o final do curso teña algunha parte suspensa deberá facer unha recuperación de dita parte antes da segunda avaliación.

\_ Todos o alumnado ten que ter realizados de forma correcta as tarefas persoais, exercicios e protocolo de ensaios das prácticas, así como os traballos prácticos mínimos esixidos por trimestre e os exames teóricos trimestrais.

\_ Para o alumnado que non supere o módulo na segunda avaliación realizaranse probas, escritas e prácticas no mes de xuño de ditas probas nas que non se acadasen os mínimos esixibles previstos. Consistirán na realización dalgunhas das actividades teóricas e/ou prácticas traballadas na aula taller o longo do curso e reflexadas nas unidades didácticas da programación das que non se acadaron os mínimos esixibles previstos.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Segundo a Resolución do 22 de xuño do 2022, punto 4.3 o alumnado poderá realizar unha proba final extraordinaria previa a FCT ou antes da avaliación final do módulo

O procedemento para definir a avaliación de competencias na proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua será o seguinte:

Cosntará dunha proba escrita onde se avaliarán os contidos conceptuais e unha proba práctica onde se avaliarán os contidos procedimentais.

A proba escrita poderá constar de cuestionarios, preguntas e respostas curtas ou longas relacionadas cos contidos conceptuais reflectidos nos criterios de avaliación e considerados como mínimos esixibles.

Na proba práctica empregaranse rúbricas para avaliar a evidencia do produto ou desempeño, valores, actitudes e normas. Constará dunha tarefa práctica onde o alumnado deberá realizar unha hidratación facial e corporal . Para a súa realización o alumno deberá traer modelo As características requiridas para dita proba práctica serán expostas con anterioridade, así como o material requerido para dita proba.

As probas desenvolveranse no mes de xuño, expoñéndose no taboleiro e nos talleres de peiteados as datas para a súa realización

A ponderación dos Instrumentos de Avaliación para acadar a cualificación final será:

- Proba teórica 25%.
- Proba practica 75%

Para acadar a avaliación positiva do módulo o alumnado deberá obter un 5 sobre 10 como mínimo en cada unha das probas.

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

Realización dun cuestionario tipo de autoavaliación do departamento de Imaxe Persoal.

Se realizará 1 vez cada trimestre e se tomarán as medidas necesarias.

## **8. Medidas de atención á diversidade**

### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

A profesora xunto co equipo docente estudiarán de maneira individual (os distintos ritmos de aprendizaxe, os seus intereses, as súas motivacións...) de cada alumno/a.

A continuación na aula utilizaranse as estratexias concretas a seguir con cada un deles/as tendo en conta os seus coñecementos previos.

### **8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

Dentro do grupo pode encontrarse alumnado que non consegue os obxectivos das actividades ou, polo contrario que alcancen sobradamente os obxectivos previstos.

En ambos casos prantexaranse alternativas como ofrecer para cada actividade tres posibilidades:

- Unha actividade común para todo o alumnado co fin de asimilar os contidos mínimos.
- Unha actividade mais complexa para o alumnado que accede os obxectivos previstos onde profundice nos coñecementos adquiridos.
- Unha actividade máis sinxela cunha metodoloxía distinta e máis secuenciada, para que aquel alumno que non accede os mínimos sexa capaz de chegar por outro camiño ós fins propostos.

Seguimento mais cercano do profesor co alumnado con dificultades para acadar os obxectivos.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Educación para a saúde. É a transversal por excelencia desta materia xa que se traballa en tódalas unidades e ó longo de tódolo curso. O coñecemento do corpo, dos seus órganos e sistemas é o primeiro paso para valorar a saúde e desenvolver hábitos saudables de hixiene e desinfección e para rexeitar prácticas nocivas como o consumo de tabaco, alcohol e outras drogas.

É moi importante cando estudiamos recalcar o tema de adoptar posturas correctas para previr lesións na columna vertebral, varices, etc.

Tamén é importante destacar os beneficios do exercicio físico: o noso sistema locomotor precisa exercicio para que as articulacións se traballen correctamente.

Incidirase na importancia da alimentación á hora de ter un pelo e pel saudables.

Educación do consumidor. Pretendemos a responsabilidade dos alumnos como consumidores. Unha parte da dieta dos adolescentes é por conta deles mesmos e debemos incitalos cara a adquisición de hábitos de consumo responsables.

Educación para a igualdade. Dende calquera tema se pode traballar esta transversal, procurando empregar sempre unha linguaxe, oral e escrita, non discriminatoria e tomando medidas de acción positiva necesarias para introduci-la dimensión de igualdade.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Seguimento das novas publicacións, como libros, revistas, etc.

Visitas a exposicións, ferias, congresos, etc. de tipo profesional e cultural.

Elaboración de material didáctico en vídeo, fotografías, etc.

Demostracións por parte do alumnado noutros centros.

Realizar algún curso de actualización profesional por parte dalgunha casa comercial ou outros profesionais.

Realización dalgún cursiño sobre temas profesionais como: diferentes técnicas de masaxes, novos tratamentos da pel...

Realización de prácticas fóra do centro educativo, noutros organismos públicos en horas lectivas nos días que se considere oportuno.

Elaboración de proxectos, materiais, etc. para a súa aplicación no desfile de Perrucaría e Estética que realizarán os alumnos deste departamento.

Visita a distintos medios de comunicación: televisión, radio, etc.

- Visita a balnearios, fábricas de cosméticos, etc.

## 10. Outros apartados

### 10.1) aula virtual

No caso de haber algún alumnado que non poida asistir as clases por algun problema médico o material estará na aula virtual